

Homenaxe a Miguel González Garcés

10 Decembro, 2014 Vivir na Coruña Letras, Recitais Non hai comentarios

Poesía e música para recordar a Miguel González Garcés no seu 25 cabodano.

O vindeiro venres, 12 de decembro, ás 19.45 h, a [Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés](#) acollerá un acto en lembranza do escritor que lle dá nome e que a dirixiu durante 40 anos. A homenaxe terá lugar o mesmo día no que se cumpre o 25 cabodano do seu pasamento.



O poeta coruñés realizou unha intensa labor xornalística e foi autor prolífico, primeiro en castelán e logo, a partir dos anos sesenta, en galego, acadando diversos recoñecementos como a Rosa de Oro na Festa da Cantiga de 1969 ou o Premio da Crítica de poesía Galega en 1977. No ano do seu falecemento, 1989, foi seleccionado para o Premio Nacional de Literatura.



No acto, organizado pola [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#) a coa colaboración da Biblioteca, consistirá nun recital poético-musical no que participaran diferentes xeracións de poetas vinculadas a nosa cidade, coma [Luz Pozo Garza](#), [Xulio López Valcárcel](#), [Lino Braxe](#), [Olga Patiño](#), [Miguel Mato Fondo](#), [Estibaliz Espinosa](#), [Manuel Rivas](#), [Miguel Anxo Fernán-Vello](#), [Ánxeles Penas](#), [Xavier Seoane](#) e [Manuel Álvarez Torneiro](#). A parte musical estará interpretada polo dúo que forman [César Morán](#) e [Xosé Taboada](#). O escritor [Francisco Fernández Naval](#) actuará como mestre de cerimonias e tamén intervirá o presidente da AELG, [Cesáreo Sánchez Iglesias](#).

Na nosa homenaxe particular á figura de González Garcés recolleemos, na publicación desta semana da sección [A Coruña en Verso](#), o fermoso *Poema ó meu mar*, co que acadou a Rosa de Oro na Festa da Cantiga de 1969.